

Variación, sinonimia e parasinonimia fraseolóxicas en diacronía: estudo lexicográfico e de lingüística de corpus¹

Phraseological variation, synonymy and parasynonymy in diachrony: a lexicographic and corpus linguistics study

Ramón Martí Solano

Universidade de Limoges, Francia

<https://orcid.org/0000-0001-7460-2790>

ramon.marti-solano@unilim.fr

Resumo: O presente estudo céntrase nunha selección de unidades fraseolóxicas españolas arcaicas ou en desuso (*alzar cabeza, tener buenas aldabas, poner de oro e azul, hacer la rueda, echar plantas*) e os seus correspondentes equivalentes actuais (*levantar cabeza, tener enchufe, poner de vuelta y media, hacer la pelota, echar pestes*). Grazas á combinación de fontes lexicográficas, dos corpus electrónicos da Real Academia Española e dos arquivos da Hemeroteca Dixital da Biblioteca Nacional de España, puideron recompilarse primeiros exemplos e datos referidos á súa frecuencia de uso e á súa evolución cuantitativa ao longo dos séculos. Os resultados das análises sobre o significado e o uso dos pares de unidades fraseolóxicas seleccionados permiten, entre outras cousas, afinar o tipo de relación interfraseolóxica: variación, sinonimia e parasinonimia.

Palabras clave: lexicografía, lingüística de corpus, unidades fraseolóxicas arcaicas, variación, sinonimia, parasinonimia.

Abstract: The present study focuses on a selection of archaic or old-fashioned Spanish phraseological units (alzar cabeza, tener buenas aldabas, poner de oro e azul, hacer la rueda, echar plantas) and their current equivalents (levantar cabeza, tener enchufe, poner de vuelta e media, hacer la pelota, echar pestes). Thanks to the combination of lexicographic sources, the electronic corpus of the Royal Spanish Academy and the archives of the Digital Newspaper Library of the National Library of Spain, it has been possible to compile first examples and data on their frequency of use and their quantitative evolution over the centuries. The results of the analyses on the meaning and use of the selected pairs of phraseological units allow, among other things, to refine the type of inter-phraseological relationship: variation, synonym and parasynonymy.

¹ Data de recepción: 8.12.22. Data de aceptación: 9.03.23. Traducido do orixinal en castelán por Nerea Peleteiro Fernández.

Key-words: lexicography, corpus linguistics, archaic phraseological units, variation, synonymy, parasynonymy.

1. Introducción

O obxectivo principal deste traballo é amosar a evolución que experimentaron algunhas unidades fraseolóxicas (UF) rexistradas nun dicionario español de fai dez lustros. Referímonos concretamente ao *Gran Diccionario enciclopédico ilustrado* de Selecciones del Reader's Digest (GDEI) publicado en 1972. Resulta interesante comprobar que ningunha das UF seleccionadas para este estudo aparece no *Diccionario fraseológico documentado del español actual* (DFDEA), o que pon de manifesto unha das características principais do léxico en xeral, e da fraseoloxía das linguas en particular: a renovación do material fraseolóxico a través de procedementos principalmente analóxicos (Luque Nadal, 2011: 190). A utilización dos corpus da Real Academia Española (RAE), que son o CORDE, o CREA e o CORPES XXI², xunto co do Corpus do Diccionario histórico de la lengua española (CDH) e dos arquivos da Hemeroteca Dixital da Biblioteca Nacional de España, permitiu trazar a evolución do uso das UF seleccionadas, cotexala coa das UF equivalentes máis actuais e analizar deste modo os fenómenos de variación, sinonimia e parasinonimia fraseolóxicas desde unha perspectiva diacrónica. A distinción entre estas tres relacións léxicas revélase fundamental entre UF que comparten a mesma estrutura sintáctica e nas que a construción contribúe, en diferentes medidas, ao seu significado. A analogía sintáctica é unha mostra irrefutable de que estes pares de UF son realizacións ou actualizacións de esquemas ou patróns fraseolóxicos con casas abertas (Kay, 1992: 310; Pamies Bertrán, 2022: 137; Mellado Blanco, 2015: 111-113; Martí Solano, 2013; Goldberg, 2006: 215; Corpas Pastor, 2021, 2022) que, dende unha perspectiva diacrónica, vanse enchendo ou baleirando en función do uso que lles dan os falantes. O obxectivo deste traballo é dobre: pretende demostrar o retroceso na frecuencia de uso das UF seleccionadas e identificar e explicar a relación léxica destas unidades arcaicas ou en desuso coas súas correspondentes expresións actuais.

2. Metodoloxía da investigación

A consulta das entradas e artigos dunha serie de compoñentes nominais de uso estendido nas UF do español (*agua, bandera, burro, cabeza, cielo, pelo, toro, sal, luna* etc.) no GDEI revela un número de expresións idiomáticas descoñecidas para a persoa hispanofalante actual ou, polo menos, e nalgúns dos casos, imposibles ou moi difíciles de entender debido tanto ao seu carácter opaco como á súa escasa ou nula frecuencia de uso neste terceiro decenio do século XXI. O interese principal de usar un rexistro lexicográfico coma este (un dicionario diferente do dicionario académico) reside na posibilidade de identificar un conxunto de UF seleccionadas por especialistas en lexicografía nos anos 60 e principios dos 70 do século pasado e, deste xeito, poder cotexas con outros rexistros actuais.

² Os acrónimos CORDE, CREA e CORPES XXI corresponden, respectivamente, a Corpus diacrónico del español, Corpus del español actual e Corpus del español del siglo XXI.

Seleccionáronse un total de oitenta UF descoñecidas polo autor deste traballo (ver anexo 1), extraídas dos artigos do GDEI conforme ao criterio «arcaico/en desuso». A maioría das UF son locucións verbais difíciles ou imposibles de interpretar hoxe en día por unha persoa hispanofalante culta fóra de contexto. Faise, pois, indispensable recorrer á definición lexicográfica para comprobar se, só nalgúns casos, a intuición da/do falante é a correcta e deste xeito coñecer o significado real. Unha busca no CORPES XXI non dá ningún resultado para a inmensa maioría destas expresións: algunhas delas, como *a banderas desplegadas* ou *tener pelos en el corazón* contan só cun caso no corpus contemporáneo e outras, como *a mata caballo*, rexistran ata catro casos. Trátase, pois, da ausencia destes casos ou da drástica diminución dos mesmos o que fai que estas expresións sexan consideradas respectivamente arcaicas ou en desuso. A partir desta primeira selección, realizouse unha segunda selección de UF (un total de cinco), como por exemplo *poner de oro y azul* e *hacer la rueda*, que compartisen o mesmo esquema fraseolóxico e o mesmo ou parecido significado cos seus equivalentes actuais, *poner de vuelta y media* e *hacer la pelota*, respectivamente.

Este traballo de investigación conxuga a lexicografía e a lingüística de corpus, tanto sincrónicas como diacrónicas. Un estudo científico sobre a evolución das UF nunha lingua dada ten que recorrer a ambas fontes (dicionarios e corpus electrónicos) para así cotexar e conxugar simultaneamente os datos obtidos e poñelos ao servizo das análises cuantitativas e cualitativas de cada unha das UF en cuestión. A lexicografía xeral e a lexicografía especializada (neste caso, a lexicografía fraseolóxica ou fraseografía) son dúas fontes imprescindibles e complementarias en canto ao tratamento, descrición e clasificación das UF.

3. Variación, sinonimia e parasinonimia fraseolóxicas

Antes de analizar a selección de UF que conforman o centro deste estudo, é necesario distinguir no ámbito dos estudos fraseolóxicos entre os conceptos de variación e sinonimia³ por un lado, e entre os de sinonimia e parasinonimia por outro lado.

Poden considerarse variantes dúas ou máis UF en uso en épocas distintas? Martínez Penadés (2022) afirma que no caso de *cerrarse a la banda* e *cerrarse en banda*, a primeira é unha variante diacronicamente marcada en relación á segunda. Trátase, polo tanto, conforme esta investigadora, de variantes morfosintácticas nas que os dous compoñentes léxicos non presentan variación en ningunha das dúas formas. Estas variantes morfosintácticas non son neste exemplo concreto, como en outros casos, diatópicas, diastráticas ou diafásicas, senón que son diacrónicas⁴.

O *Diccionario da lingua española* (DLE) rexistra unha soa UF na entrada do vocábulo *puerta*: *salir [alguien] por la puerta de los carros, ou de los perros*. Desde unha perspectiva

³ En canto á distinción entre variación e sinonimia na investigación e os estudos paremiolóxicos, consultar Martí Solano, 2017.

⁴ Encóntrase unha tipoloxía de variantes de proverbios españois desde unha perspectiva diacrónica en Martí Solano, 2016.

puramente lexicográfica, encontrámonos ante dúas variantes da mesma UF, un exemplo de «variaciones codificadas consagradas por la tradición» (García-Page Sánchez, 2008: 26). A diferenza do exemplo anterior obsérvase, por outro lado, no DLE que as UF *tener buenas aldabas* e *tener enchufe*⁵ considéranse independentes e aparecen, por tanto, dentro do artigo da entrada de *aldaba* e de *enchufe*, respectivamente. Estamos, pois, ante un exemplo de sinonimia fraseolóxica e non de variante fraseolóxica. As UF sinonímicas posúen imaxes distintas, mentres que as variantes dunha mesma UF non supoñen un cambio no marco metafórico subxacente.

En relación á distinción entre sinonimia e parasinonimia fraseolóxicas, consideremos a relación sinonímica entre *estar en Babia* («sin enterarse de lo que ocurre alrededor») e *estar en el limbo* («sin enterarse de lo que ocurre»), expresións *a priori* intercambiabes en diferentes situacións de comunicación, pois non só comparten significado senón tamén unha estrutura léxico-sintáctica paralela que inclúe un nome de lugar⁶. A relación parasinonímica entre UF tamén se dá, entre outros casos, cando estas comparten un mesmo significado ou un significado análogo, pero presentan construcións distintas, o que dificulta que poidan ser intercambiabes. A UF *estar*, ou *vivir, en las nubes* [alguien] («ser despistado, soñador, no aperebirse de la realidad») é parasinónima da UF *quedarse a dos velas* («quedarse sin comprender nada») ⁷, dado que ambas locucións verbais comparten un significado análogo, pero discrepan no tipo de verbo e na estrutura sintáctica, o que as leva a ser utilizadas en situacións de comunicación totalmente diferentes. Poderíase falar, neste caso concreto, de parasinonimia fraseolóxica, ou incluso de asimetría fraseolóxica, no plano pragmático. Noutros casos, a relación parasinonímica é o resultado dunha diferenza no plano semántico conforme a cal as UF que comparten o mesmo patrón fraseolóxico presentan significados parcialmente sinonímicos, como no par *echar plantas* e *echar pestes* (ver epígrafe 3.3.).

3.1. Variación fraseolóxica en diacronía

Neste estudo, e concretamente nos dous exemplos seleccionados para este epígrafe, consideramos variantes lexicalizadas dunha locución verbal as actualizacións que presenta un sinónimo ou outro cambio léxico no verbo da locución. *Agachar* (ou *bajar la cabeza*), *alzar* (ou *levantar*) *el gallo*, *hacer pellas* (ou *irse de pellas*), *dar* (ou *repartir*) *cera*, *ganarse* (ou *buscarse*) *las judías*, *tener* (ou *mandar*) *narices* son algúns exemplos de variantes de locucións verbais en español actual, conforme aparecen rexistradas no DFDEA.

La distancia formal entre *liar el petate*, *tomar las de Villadiego* y *poner tierra por medio*, todas con el significado de ‘marcharse’ es tan amplia –de hecho, es una diferencia formal total– que no cabe considerarlas variantes formales, sino variantes contextuales en

⁵ O DLE marca a expresión *tener enchufe* como propia do español de España.

⁶ En relación coas expresións *estar en Babia* e *estar en el limbo* (pero tamén outras do mesmo significado como *estar en la higuera* ou *estar en las nubes*), Mogorrón Huerta considera que entre elas existe en realidade unha relación de sinonimia parcial ou parasinonimia “[D]ebido a las características diasistemáticas bien diferenciadas de cada UF.” (2015: 123).

⁷ Todas as definicións entre paréntesis extraéronse do DLE.

distribución libre o en distribución complementaria; por el contrario, en *agarrar el petate*, *coger el petate*, *hacer el petate* y *liar el petate*, que también significan ‘marcharse’, si puede decirse que existe variación formal –esta parcial– de tipo léxico por el cambio de los elementos del verbo (Penadés Martínez, 2012a: 257-267).

No tocante ao par *alzar cabeza* e *levantar cabeza*, na versión electrónica 23.5 do DLE, na entrada do vocábulo *alzar* non se define a primeira acepción deste verbo, senón que se dirixe o/a lector/a á entrada de *levantar* co sentido de «mover hacia arriba algo». Esta práctica lexicográfica é moi significativa, pois implica que o primeiro dos dous verbos se considera unha variante sincrónica da forma máis estendida, representada polo segundo verbo. Esta diferenza vese confirmada polos resultados cuantitativos obtidos nos tres corpus da Real Academia Española (RAE)⁸.

Cadro 1. Frecuencia de uso en CORDE, CREA e CORPES XXI de *alzar cabeza* e *levantar cabeza*

	CORDE	CREA	CORPES XXI
<i>alz* cabeza</i> ⁹	30 / 0,120 34 / 0,134 (CDH)	3 / 0,018	1 / 0,002
<i>levant* cabeza</i>	106 / 0,424 ¹⁰	175 / 1,093	314 / 0,897

As cifras no cadro 1 non só demostran o emprego actual estendido de *levantar cabeza* e a case desaparición de *alzar cabeza*, senón tamén o uso proporcionalmente importante da segunda no corpus diacrónico e a súa regresión radical nos outros dous corpus. Do mesmo xeito, convén sinalar que o DFDEA só rexistra *levantar cabeza* na súa entrada *cabeza*, o que confirma de novo o carácter arcaico de *alzar cabeza*.

Os primeiros exemplos de uso de *alzar cabeza* son do século XVI, de España, e en gran parte relacionados coa conquista: *Historia das Indias* de Fray Bartolomé das Casas (c. 1527-1561), *Quinquenarios o Historia de las guerras civiles del Perú* de Pedro Gutiérrez de Santa Clara (c. 1549-1603), *Crónicas de la Nueva España* de Francisco Cervantes de Salazar (1560) ou *Historia verdadera de la conquista de la Nueva España* de Bernal Díaz del Castillo (c. 1568-1575). O exemplo (1) amosa o uso da expresión a mediados do século XVI.

- (1) Murieron en esta celada más de seiscientos de los enemigos, los más principales, esforzados y valientes. Fue tan grande el espanto y admiración de los que

⁸ Segundo os datos suministrados pola RAE, o CORDE “[C]uenta en la actualidad con 250 millones de registros”, “el CREA cuenta, en su última versión (3.2, junio de 2008), con algo más de ciento sesenta millones de formas” e, en terceiro lugar, “[L]a versión 0.94 del CORPES XXI está formada por unos 328.000 documentos diferentes que suman algo más de 350 millones de formas ortográficas.”

⁹ As buscas fixéronse utilizando o lema do compoñente verbal (ou do compoñente nominal, segundo o caso) das UF por medio do uso do asterisco nos corpus da RAE e no CDH.

¹⁰ A primeira cifra diante da barra oblicua corresponde ao número total de casos en cada corpus, mentres que a segunda detrás da barra oblicua corresponde ao porcentaxe de casos por cada millón de palabras. Os porcentaxes son, ao mesmo tempo, proporcionais ao número de palabras de cada corpus, a saber 250 millóns no CORDE, 160 millóns no CREA e 350 millóns no CORPES XXI.

quedaron vivos y de los demás que lo vieron o no pudieron socorrer, que en toda aquella tarde no **alzaron cabeza**, enmudesciendo como si no tuvieran lengua, ni se osaron asomar en la calle ni en azotea donde no estuviesen muy seguros. (Francisco Fernández de Salazar, 1560, *Crónica de la Nueva España*)¹¹.

Os primeiros exemplos de *levantar cabeza* (2) son tamén do século XVI e de España, proba de que as dúas variantes conviven desde a mesma época.

- (2) ¡Cuántas veces acaece que, estando ya el corazón desmayado y caído con la carga de la tribulación, de tal manera que todas las virtudes y fuerzas del ánimo no bastan para levantarlo; que si entonces -cuando ya nuestro espíritu desfallece- clamamos a Dios, volvemos luego a revivir y **levantar cabeza** con el socorro que por este medio nos viene del cielo! (Fray Luis de Granada, 1554, *Libro de la oración y meditación*)

Tanto en (1) como en (2) o sentido figurado da expresión axústase ao contexto extralingüístico en cada caso: «una celada» ou emboscada en (1) e unha tribulación ou aflicción moral en (2). Os contextos de uso máis actuais refírense a situacións difíciles no deporte, a economía, a política, os estudos etc.

3.2. Sinonimia fraseolóxica en diacronía

A diferenza da variación fraseolóxica, a sinonimia fraseolóxica comporta un cambio que non é unicamente formal (substitución dun verbo por outro, por exemplo), senón que conleva a substitución dunha imaxe por outra, dunha metáfora por outra a través do nome ou do sintagma nominal, preposicional ou adverbial que constitúe o argumento dun predicado verbal. Estes casos poderíanse considerar ben como sinónimos interfraseolóxicos ben como esquemas fraseolóxicos con casa libre, aínda que este concepto supón un paradigma maior que a alternancia léxica (Mellado Blanco, 2020: 90)¹².

A distinción entre variante e sinónimo fraseolóxico no caso das locucións verbais que presentamos neste estudo non está exenta de diverxencias entre os expertos. Koike considera que *hacer la pelota* e *hacer la rosca* son variantes fraseolóxicas xa que «[P] or variantes fraseolóxicas entendemos aquelas unidades fraseolóxicas que, manteniendo el mismo significado, son parcialmente idénticas en su estructura y sus componentes» (2003: 47). En cambio, Echenique Elizondo considera sinónimas as expresións *estar en Babia* e *estar en las nubes* (Aguilar Ruiz 2021: 33) como o fai Mogorrón Huerta (2002: 497), mentres que nun estudo posterior (ver nota a pé de páxina número 9) clasifica estas mesmas expresións como sinónimos parciais ou parasinónimos.

3.2.1. O par *tener buenas aldabas* e *tener enchufe*

A locución *tener buenas aldabas* aparece rexistrada no DLE onde ven definida como «disponer de influencias o amistades poderosas» e precedida da marca «locución verbal

¹¹ En todos os exemplos de uso respectáronse a ortografía e os signos diacríticos tal como aparecen nos textos dos corpus e da Hemeroteca Dixital.

¹² Neste traballo Mellado Blanco fai referencia concretamente a «patrones o esquemas sintácticos con casillas vacuas» para definir o concepto de construción fraseolóxica.

coloquial», o que induce a pensar que se trata dunha locución de uso actual. Non obstante, de *tener buenas aldabas* encontráronse 14 casos en 9 documentos no CORDE, ningún caso no CREA e só un caso no CORPES XXI¹³, o que confirma o seu carácter arcaico. O exemplo (3), o máis antigo no corpus diacrónico, é de finais do século XVIII.

- (3) D. Eleuterio, dé usted una vuelta por la cocina y vea usted si empieza a espumar aquel puchero; y él, ya se ve, lo hace todo con una prontitud y un agrado, que no hay más que pedir; porque en fin el que necesita, es preciso que... Y por otra parte, como él, bendito sea Dios, tiene tal gracia para cualquier cosa, y es tan servicial con todo el mundo. ¡Qué silbar! No, hija, no hay que temer; a buenas aldabas se ha agarrado él para que le silben. (Fernández de Moratín, 1792, *La comedia nueva*)

Se se teñen en conta os exemplos rexistrados no CORDE dedúcese que a forma canónica desta UF é *agarrarse a buenas aldabas* e non *tener buenas aldabas*, que podería ser, en todo caso, unha variante. Esta hipótese vese confirmada por outro exemplo de uso extraído do CORDE, nesta ocasión metalingüístico, xa que a locución aparece nun listado de palabras e expresións puras recollidas por Javier Fuentes e Ponte en 1872 e publicado na obra titulada *Murcia que se fue*. Na entrada *aldaba*, pódese ler: «aldaba. p. Llamador. Se llama también aldaba morisca á un cierre de hierro con forma especial. (Agarrarse á buenas aldabas)».

O exemplo (4) é o máis antigo que se encontrou na Hemeroteca Dixital. É tamén de finais do século XVIII e aparece igualmente precedido de *agarrarse a*.

- (4) Mi respetabilísimo y venerabilísimo Maestro: ¡qué bueno es **agarrarse á buenas aldabas!** Bien decía el otro, *á quien buen árbol se arrima, buena sombra le cobija*. (Diario de Salamanca, 23/07/1796)

Resulta interesante notar que todos os exemplos de finais do século XVIII e do século XIX de *buenas aldabas* que se encontraron constrúense co verbo pronominal *agarrarse a*. Os exemplos máis actuais constrúense sistematicamente co verbo *tener* como pode observarse en (5), extraído da Hemeroteca Dixital.

- (5) El cuento, obviamente, es una fábula. En Cataluña y el País Vasco hubo mucha menos represión que en ninguna otra parte de España. Con diferencia. Un resultado, por lo demás, previsible: la riqueza acostumbra a **tener buenas aldabas**. Ciertamente a Cataluña no le fue mal con el franquismo. (*El Mundo*, 4/4/2019)

¹³ Os datos cuantitativos que presentamos corresponden á busca “buenas aldabas”, pois son múltiples as actualizacións léxico-sintácticas do sintagma nominal metaforizado “buenas aldabas”. Dos catorce casos atopados no CORDE, o sintagma aparece principalmente precedido do verbo simple *tener* (en 7 casos), do verbo pronominal *agarrarse a* (en 5 casos), do verbo *contar con* (un só caso) e de *ser de* (un só caso). Non se encontrou ningún caso no CREA e só un, un uso literario da forma “tener buenas aldabas”, no CORPES XXI.

A locución *tener enchufe* defínea o DLE como «gozar de influencia ante alguien para conseguir un favor» e aparece cos marcadores «locución verbal», «despectivo», «coloquial» e «España».

Cadro 2. Frecuencia de uso en CORDE, CREA e CORPES XXI de *tener buenas aldabas* e *tener enchufe*

	CORDE	CREA	CORPES XXI
<i>tener buenas aldabas</i>	14 / 0,056	0 / 0,000	1 / 0,002
<i>tener enchufe</i>	0 / 0,000	4 / 0,025	8 / 0,022

Os resultados cuantitativos no cadro 2 mostran, por unha banda, a case total desaparición de *tener buenas aldabas* e, por outra, o aumento de *tener enchufe* entre o CREA e o CORPES XXI. En vista do resultado nulo no CORDE poderíase pensar que a segunda expresión non se usou en español antes de 1975, data dos últimos textos do corpus diacrónico. A consulta do arquivo da Hemeroteca Dixital produce resultados totalmente distintos: só a locución verbal en infinitivo, *tener enchufe*, conta con 225 resultados, o máis antigo de 1931. As formas conxugadas *tiene enchufe* e *tienen enchufe* contan, respectivamente, con 355 e 135 resultados¹⁴, entre os que destacamos, neste segundo caso, o exemplo máis antigo (6), de 1919.

- (6) Entre otras muchas, una de esas afirmaciones es que un grupo de señores no **tienen enchufe** alguno. No sabemos si será cierto lo de los demás, pero el pollo que representa al susodicho grupo es empleado municipal, con sueldo crecido y «de los que van a la oficina». (*El Mentidero*, 12/7/1919)

Por conseguinte, resulta fundamental completar os resultados obtidos nos corpus da Real Academia Española cos de outras bases de datos, especialmente cando se trata de locucións diatopicamente marcadas.

A mesma situación se produce coa variante *un buen enchufe* que conta con só dous casos no CORDE, outros dous no CREA e un no CORPUS mentres que na Hemeroteca digital encontráronse 325 resultados. Convén sinalar que os resultados da investigación histórica do léxico do español mellorou sensiblemente grazas á dispoñibilidade e accesibilidade de fontes como a Hemeroteca Dixital para documentar “los primeros testimonios das acepciones documentadas a partir del año 1700” (Campos Souto 2018: 237). Aínda que a Hemeroteca Dixital nace co obxectivo fundamental de facilitar a consulta e estudo da prensa histórica en español (Rodríguez Fuentes 2012: 84), converteuse nunha ferramenta indispensable para a investigación do léxico e da fraseoloxía.

3.2.2. O par *poner a [alguien] de oro y azul* e *poner a [alguien] de vuelta y media*

A locución *poner a [alguien] de oro y azul*, que foi catalogada como culta ou literaria (Mogorrón Huerta 2005: 172), clasificárase anteriormente de coloquialismo nun estudo

¹⁴ Convén sinalar aquí que, ao tratarse dun segmento léxico que pode ter dúas lecturas (a literal e a figurada), un número reducido dos resultados aportados corresponde a exemplos literais de *tener enchufe*.

sobre locucións na novela *Fortunata y Jacinta* de Pérez Galdós (Lassaletta 1971: 911), o que suxire unha evolución na percepción do rexistro do seu uso nun intervalo de tempo relativamente reducido, uns 35 anos aproximadamente.

Como se pode comprobar no epígrafe anterior, nos casos nos que non se encontraron suficientes exemplos de uso de algunhas das UF analizadas, recorreuse a unha das fontes máis interesantes de consulta da que dispón o español: a Hemeroteca Dixital da Biblioteca Nacional de España, que permite buscas en diarios, semanarios e publicacións periódicas desde 1678 ata a actualidade. O exemplo máis antigo (7) da expresión *poner a [alguen] de oro y azul* é de principios do século XIX.

- (7) Dígale, que dé gracias á Dios de que con estos calores no están las cabezas para entrar en el trabajo de **ponerle de oro y azul**, e sacarle todos sus trapos al sol, [...]. (*Diario de Madrid*, 16/08/1803)

O seguinte exemplo por orde cronolóxica (8) extraeuse do CORDE.

- (8) Si la apología se hubiese de haber escrito con pluma franca y de buen humor, ¡cuánta rechifla se pudiera haber hecho de los cuitados Censores! ¡qué campo tan inmenso para **ponerlos de oro y azul** y en berlina! Ya V. dice, y no podía menos de decirlo después de tantas y tan evidentes pruebas, que los censores no están versados en tales materias, lo cual está dicho con urbanidad y decoro; pero, traducido en lenguaje vulgar, tanto vale cuanto decir que son, lo que son, unos ignorantes. (Leandro Fernández de Moratín, 1827, *Cartas y relaciones*)

Cómpre destacar na (7) xustaposición das dúas expresións parasinónimas *poner de oro y azul* e *sacarle a [alguen] todos los trapos al sol* («echar a alguien en cara sus faltas e hacerlas públicas, en especial cuando se riñe con él acaloradamente»). Na (8) xustapúxose de novo dúas expresións parasinónimas, *poner de oro y azul* e *poner en berlina* («poner en ridículo»), o que permite a elisión do compoñente verbal repetido *poner*. En ambos exemplos obsérvase un reforzo do sentido da expresión por medio dunha extensión no cotexto á dereita.

Convén sinalar que, ao tratarse dunha «estructura ambigua u homófona» (García-Page Sánchez, 2008: 27) a busca co segmento «de oro y azul» proporciona resultados da combinación co sentido recto referido fundamentalmente a vestimentas ou a elementos arquitectónicos. Estes usos son os primeiros e aparecen xa desde o ano 1344 (neste exemplo concreto referido á cor dunhas letras talladas nunha porta). Á parte do exemplo (8) de Fernández de Moratín e o outro de Bartolomé José Gallardo de 1851, pódese afirmar que o uso xeneralizado do sentido figurado de *poner de oro y azul* estendese en español a partir de 1874. En total hai 25 casos de uso deste segmento en sentido figurado no CORDE. A mesma busca só proporciona catro resultados no CREA, dos cales os dous únicos exemplos de *poner de oro y azul* no seu sentido figurado aparecen no xornal mexicano *El Excelsior* e son ambos de 1996. Só se encontrou un exemplo (9) de *poner de oro y azul* no CORPES XXI.

- (9) ¿Qué dice ese pergüetano? —pregunta Marcelina. Te **pone de oro y azul**... Aquí tienes una copia. Marcelina toma el papel y se lo pasa con gesto de repugnancia a Leonor para que lea en voz alta. (Eduardo Labarca, 2005, *Cadáver tuerto*, Chile)

A UF *poner de vuelta y media* comparte coa precedente a mesma estrutura léxico-sintáctica e é a que foi elixida neste estudo para a súa comparación¹⁵. Desta segunda encontráronse 42 casos no CORDE, sendo o primeiro de 1607, 20 no CREA e 26 no CORPES XXI. O exemplo (10) mostra o primeiro caso rexistrado no CORDE, de principios do século XVII.

- (10) Quedaron tan amostazados que, ya que fuera de allí no se atrevían a dar tras mí, en el púlpito cuando predicaban me **ponían de vuelta y media**. Aborrecían grandísimamente llegase la hora de que hubiese capítulo, porque fuera de allí apenas me atrevía a hablarles palabra por ser ellos más hombres que yo; pero, en aquel tribunal y lugar, se trocaba todo, haciéndome Dios hombre para el decir y a ellos niños para el oír. (San Juan Bautista de la Concepción [Juan García López], c. 1607, *Memoria de los orígenes en la descalcez trinitaria*)

Os resultados cuantitativos do cadro 3 mostran, como se observou na análise dos exemplos anteriormente tratados, que a primeira das dúas expresións, neste caso *poner de oro y azul*, caeu practicamente en desuso en español contemporáneo. Se se observa a evolución cuantitativa da expresión análoga *poner de vuelta y media*, pódese indicar que aínda que a súa frecuencia é superior ao 0,1 por millón de palabras no CORDE e no CREA, o uso contemporáneo reduciuse dúas quintas partes en relación ao seu emprego a finais do século XX.

Cadro 3. Frecuencia de uso en CORDE, CREA e CORPES XXI de *poner de oro y azul* e *poner de vuelta y media*

	CORDE	CREA	CORPES XXI
<i>poner de oro y azul</i>	25 / 0,100	2 / 0,012	1 / 0,002
<i>poner de vuelta y media</i>	42 / 0,168	20 / 0,125	26 / 0,074

En canto á distinción semántica entre estas dúas expresións, e outras de significado similar, convén recordar as palabras do gran lexicólogo e lexicógrafo Julio Casares.

Desde la *ofensa*, que puede ser leve, hasta la *afrenta* y el *ultraje*, que nunca lo son, existe una escala creciente de gravedad que ha de estar en el ánimo del que escribe. Pues bien, este tipo de gradación se buscaría inútilmente en los modismos, ya que uno de sus caracteres máis comunes es justamente la imprecisión. A un sujeto *lo han puesto verde*; a otro, *de oro y azul*; a esotro, *de vuelta y media*; a éste, *como un trapo*; a aquél, *cual digan dueñas*; al de acá, *como chupa de dómine*; al de acullá, *como hoja de perejil*... ¿Quién nos podría explicar cuál de estos individuos es el que ha salido peor parado? (Casares 1992 [1950]: 230)

¹⁵ Outras UF sinónimas son *poner de/como hoja de perejil*, *poner verde* e *poner como los trapos*.

A sinonimia fraseolóxica dáse no plano da lingua, pero resulta difícil afirmar isto mesmo no plano do discurso, é dicir, nas actualizacións reais de diferentes UF sinónimas por parte dos falantes. Por un lado, a «gradación» non é outra cousa que o grado de intensidade discursiva de cada UF, o seu significado emotivo (connotación). Por outro lado, a «imprecisión» apuntada na cita como característica común dos modismos está directamente relacionada co seu carácter idiomático ou metafórico, coa súa opacidade e a súa falta de composicionalidade.

3.2.3. O par *hacerle la rueda a [alguien]* e *hacerle la pelota a [alguien]*

A UF *hacerle la rueda a [alguien]* defínese no DLE como «rondar» no sentido de «andar alrededor de alguien, o siguiéndole continuamente, para conseguir de él algo». Só se encontraron catro casos no CORDE, un no CREA e ningún no CORPES XXI.

- (11) Decía que había cuatro cosas que le ponían a punto de alferecía: mesa pequeña, cama corta, mula pesada, y navaja sin filo. Cuatro que le regaban el alma de risa: una vieja con flores, un marido gurrumino, un predicador de mal ejemplo, y un fraile o clérigo **haciendo la rueda a una dama**. Y cuatro que le hacían llevar la mano a la espada: engañar a un ciego, burlarse de un viejo, un hombre pegando a una mujer, y un hijo maltratando a su padre o a su madre. (Braulio Foz, 1844, *Vida de Pedro Saputo*)

En (11) preséntase o contexto de uso do primeiro caso rexistrado no CORDE. Os outros tres casos de *hacer la rueda* son de Benito Pérez Galdós, dous de *Tormento* (1884) e un de *Realidad* (1889). Unha busca na Hemeroteca Dixital proporcionou resultados bastante similares nesta ocasión: un primeiro caso en *El Matamoscas* de Madrid, un xornal político-satírico, en 1837, o que permite afirmar que a expresión é menos antiga que as analizadas nos epígrafes anteriores e que comeza a utilizarse a partir do final do decenio de 1830.

Cadro 4. Frecuencia de uso en CORDE, CREA e CORPES XXI de *hacer la rueda a [alguien]* e *hacer la pelota a [alguien]*¹⁶

	CORDE	CREA	CORPES XXI
<i>hacer la rueda</i>	4 / 0,016 6 / 0,023 (CDH)	1 / 0,006	0 / 0,000
<i>hacer la pelota</i>	0 / 0,000	2 / 0,012	14 / 0,040

No caso de *hacer la pelota a [alguien]*, o DLE defínea como «adularlo para conseguir algo». Esta expresión comparte o mesmo esquema fraseolóxico que *hacer la rueda a [alguien]* e é de uso actual. Poderíase dicir que se trata dunha construción con casa baleira correspondente ao substantivo que funciona como complemento directo no enunciado.

¹⁶ Non se incluíu nesta análise a UF semanticamente sinónima e estruturalmente análoga *hacer la rosca a [alguien]* (5 casos en CORDE, 2 en CREA e 3 en CORPES XXI) por ocupar un punto intermedio entre as outras dúas desde un punto de vista diacrónico de frecuencia de uso.

Conforme os datos obtidos tanto nos corpus da Real Academia como na Hemeroteca Dixital, *hacerle la pelota a* [alguien] é unha expresión relativamente recente en español: non existen casos rexistrados no CORDE, só 2 no CREA (ambos de 1995) e 14 no CORPES XXI, como se observa no cadro 4. O exemplo máis antigo na Hemeroteca Dixital é de 1962.¹⁷ O exemplo (12) mostra un dos dous casos encontrados no CREA.

- (12) Durante los últimos días, todo el mundo se ha liado a **hacer la pelota** a Adolfo Suárez. Y yo me pregunto: si es tan respetado por todo el Parlamento, ¿no sería el candidato ideal a presidir un gobierno provisional y, por tanto, ser el candidato ideal en una moción de censura constructiva donde el programa de gobierno fuera devolver al país, con su presencia imparcial, la confianza en las instituciones y en el Estado? (El Mundo, 26/01/1995: CARTAS)

Se se ten en conta o constituínte externo desta UF, que corresponde ao complemento de obxecto indirecto de persoa, observase, nos exemplos do CORPES XXI, que se trata principalmente de persoas de autoridade, poder ou ás que se lles debe respecto e das cales se pretende obter un beneficio: *jefe, jefazo, princesa, políticos, Rey Sol, Fernando VII, mi madre, su amo, a los bancos y a las grandes fortunas de este país* etc.

3.3. Parasinonimia fraseolóxica en diacronía

A relación léxica entre as dúas UF do par seleccionado para este epígrafe é a de parasinonimia semántica xa que *echar plantas* e *echar pestes* non comparten exactamente os mesmos semas. No caso da UF *echar plantas*, que define o DLE como «*echar bravatas e amenazas*» e que marca como «*locución verbal coloquial en desuso*», encontráronse 16 casos no CORDE e ningún nin no CREA nin no CORPES XXI.

Cadro 5. Frecuencia de uso en CORDE, CREA e CORPES XXI de *echar plantas* e *echar pestes*

	CORDE	CREA	CORPES XXI
<i>echar plantas</i>	16 / 0,064	0 / 0,000	0 / 0,000
<i>echar pestes</i>	46 / 0,184	26 / 0,162	74 / 0,211

O caso máis antigo (13) da UF *echar plantas* está extraído dun sainete do século XVIII.

- (13) Desengaño —¿Quién es? Llamen con tasa; que aunque me busquen tan alborotados, como no soy doctor de los llamados, sé que á mi puerta todo el golpe yerran. / Ministro 2.º —A éstos no hay que decir á dónde entierran, aunque **echen plantas**, porque ya se sabe. / Hidalgo —Abra usted, seo doctor. / Desengaño —No tengo llave. (Ramón de la Cruz, 1762, *El hospital de la moda*)

¹⁷ Trátase dun exemplo da *Codorniz* de Madrid, do 11 de marzo de 1962, no que se lee “[...] con hacer la pelota a los críticos y poner el título [...]”. Por ser esta unha páxina de acceso restrinxido, só podemos proporcionar esta pequena cita e non o parágrafo completo onde aparece a expresión.

Outros exemplos mostran a súa inserción sintáctica: en (13) a expresión non necesita complementos, como ocorre igualmente en (14), mentres que na (15) a expresión complementábase cun sintagma preposicional introducido pola preposición *por* e cun sentido causal.

- (14) Fuíme entón á la bulla y dije: "¡Hola, camaradas! delante de mí ninguno es naide." Quiso **echar plantas** el seor Gorito el Cantero, y yo, que no sufro achanzas, le di (salve sea la parte) tal puntapié en la culata, que estuvo una hora bailando de coronilla en la sala. (Ramón da Cruz, 1766, *El careo de los majos*)
- (15) Bien ageno entretanto de que su General se dexase así morir como un simple paisano, se paseaba triunfante nuestro Artillero **echando plantas** por la derrota de su malandrin competidor, olvidado de la máxima militar de que no hay enemigo pequeño, y sin sentir que debaxo de los pies le estaban minando la tierra que pisaba; quando ¡bom! reventó la mina. (José Bartolomé Gallardo, 1811, *Apología de los palos dados*)

O DLE só rexistra *decir*, ou *hablar*, *pestes de* [alguien], que define como «hablar mal de él». Na súa variante co verbo *echar* a expresión experimentou un considerable aumento no uso contemporáneo, como se pode observar no cadro 5.

- (17) El viejo se halló tan embrollado con esto, que jura y perjura que no quiere hablar mas en el asunto, y **echa pestes** contra los que lo metieron en ello: en suma, este es un cuento de cuentos, que no lo entenderá el diablo. (Primer caso de *echar pestes*, José Nicolas de Azara, 1768, *Cartas de Azara al ministro Roda en 1768*)
- (18) El tráfico por esta gran autopista, que une Alejandría y El Cairo, es denso con sus carretas y camiones. Es un cafarnaún de bocinas y campanillazos. Menos mal que a la derecha, como un descanso para la vista, discurren sobre los canales del Nilo las barcazas, con sus velas latinas. Por aquí pasaron Flaubert y Gerard de Nerval. El primero, **echando pestes** contra las pulgas y las chinches y, el segundo, vacilante entre el éxtasis y la desilusión. (Manuel Leguineche, 2016, *El camino más corto*)
- (19) De camino a dicha dirección me di cuenta de que estaba ya completamente integrada en esta vida rural y **eché pestes** de Madrid, que es una costumbre genética que tenemos los madrileños de Moratalaz. (Elvira Lindo, 2001, *Tinto de verano*)

A construción máis común é *echar pestes contra* [alguien o algo] (17 e 18) pero tamén *echar pestes de* [alguien o algo] ou *de* [algún lugar] como no exemplo (19). Esta diferenza de inserción no enunciado é un reflexo da diferenza semántica entre ambas UF: *echar plantas*, ao caer en desuso, non evolucionou semanticamente mentres que *echar pestes* experimentou un cambio semántico que vai desde o sentido figurado do nome en plural *pestes* («palabras de enojo o amenaza e execración») ata o sentido actual de «hablar mal de alguien o de algo».

O esquema fraseolóxico *echar + N (pl)* deu lugar a outras expresións como *echar chispas* ou *echar chiribitas* e tamén *echar sapos e culebras*. No caso da primeira trátase

de variantes fraseolóxicas xa que *chispas* e *chiribitas* significan exactamente o mesmo. Sen embargo, esta expresión ten dous sentidos diferenciados: «mostrarse sumamente enfadado e furioso» e «prorrumpir en amenazas». A segunda expresión tamén ten dous sentidos diferenciados: «decir desatinos» e «proferir con ira denuestos, blasfemias, juramentos». En calquera caso, a construción é produtiva e reflexa a unión entre forma e significado dos esquemas fraseolóxicos.

4. Conclusión

O repertorio fraseolóxico da lingua española conta cun gran número de expresións arcaicas que tiveron un uso relativamente importante en séculos anteriores pero que caeron en desuso actualmente. Desde unha perspectiva lexicográfica, o DLE rexistra este tipo de expresións por razóns históricas e tende a engadirllas unha marca ou indicador diacrónico para sinalar o seu valor arcaico ou en desuso. Porén, os dicionarios de uso e sobre todo os dicionarios fraseolóxicos, non as inclúen na súa macroestrutura por considerar que o seu uso non está suficientemente documentado en textos contemporáneos. Este estudo demostrou que os corpus da Real Academia Española resultan claramente insuficientes para rastrear os primeiros casos, a evolución e a frecuencia de uso de este tipo de UF. A frecuencia de uso en diacronía de pares de UF que comparten un significado idéntico ou similar, ademais da mesma estrutura sintáctica, confirma en xeral a escaseza de datos que proporcionan os corpus da RAE (Corpas Pastor 2014: 151). Grazas á base de datos da Hemeroteca Dixital da Biblioteca Nacional de España, composta principalmente de diarios, semanarios, mensuais e outro tipo de publicacións periódicas, pódense encontrar exemplos de usos anteriores aos encontrados nos corpus académicos. As expresións *tener enchufe* e *hacerle la pelota a* [alguien], por exemplo, non contan con casos no CORDE mentres que os primeiros casos rexistrados nos arquivos da Hemeroteca son, respectivamente, de 1919 e de 1962. Do mesmo xeito, o primeiro caso de *poner de oro y azul* no CORDE é de 1827, pero o uso dos arquivos da Hemeroteca permite afinar aínda máis a data a un primeiro caso de 1803.

A análise diacrónica e cuantitativa dos pares de UF seleccionados para este estudo revela que nalgúns casos ambas expresións conviven desde os seus inicios como simples variantes (*alzar cabeza* e *levantar cabeza*) e que unha delas cae en desuso deixando o espazo libre unicamente á outra. Noutros casos, a expresión máis antiga (*poner de vuelta y media*, de principios do século XVII) mantense no uso actual mentres que a expresión máis recente (*poner de oro y azul*, de principios do século XIX) desapareceu practicamente do uso normal en español contemporáneo.

En canto ás relacións léxicas entre os pares de UF seleccionados que comparten o mesmo esquema sintáctico púidose distinguir para as locucións verbais entre variación (*alzar/levantar cabeza*), sinonimia (*tener buenas aldabas/enchufe*, *poner de oro y azul/vuelta y media*, *hacer la rueda/pelota*) e parasinonimia (*echar plantas/pestes*) en función de criterios formais e semánticos.

Os datos cuantitativos de frecuencia de uso que se aportan demostran que as UF seleccionadas sufriron un retroceso considerable nos catro últimos séculos e que o seu uso é practicamente inexistente na actualidade: dúas delas non teñen ningunha ocorrencia no CORPES XXI e as outras tres, só unha. En cambio, o uso relativamente estendido das correspondentes expresións actuais pon de manifesto a vitalidade dos diferentes moldes ou esquemas fraseolóxicos e da relación intrínseca entre forma e significado en fraseoloxía.

5. Bibliografía

- Aguilar Ruiz, M. J. (2021). Fraseología histórica, dialectal y contrastiva: entrevista a M.^a Teresa Echenique Elizondo. *Paremia* 31, 19-34. https://cvc.cervantes.es/lengua/paremia/pdf/031/002_aguilar.pdf
- Campos Souto, M. (2018). Bibliotecas y hemerotecas digitales en el NDHE. *Cuadernos del Instituto Historia de la Lengua* 11, 237-255. <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/7280861.pdf>
- Casares, J. (1992). *Introducción a la fraseología moderna* (3^a ed.). CSIC.
- Corpas Pastor, G. (2014). El fraseólogo internauta: como pasárselo pipa en la red. In V. Durante (Ed.), *Fraseología y paremiología: enfoques y aplicaciones*, 133-152. Centro virtual Cervantes. https://cvc.cervantes.es/lengua/biblioteca_fraseologica/n5_durante/fraseologia_y_paremiologia_enfoques_y_aplicaciones.pdf
- Corpas Pastor, G. (2021). Constructional idioms of ‘insanity’ in English and Spanish: A corpus-based study, *Lingua* 254. <https://doi.org/10.1016/j.lingua.2020.103013>
- Corpas Pastor, G. (2022). You are driving me up the wall! A corpus-based study of a special class of resultative constructions. *Lexis. Journal in English Lexicology* 19. <https://doi.org/10.4000/lexis.6343>
- García-Page Sánchez, M. (2008). *Introducción a la fraseología española. Estudio de las locuciones*. Anthropos.
- Goldberg, A. E. (2006). *Constructions at Work. The Nature of Generalization in Language*. Oxford University Press.
- Kay, P. (1992). At least. In A. Lehrer, E. Feder Kittay, & R. Lehrer (Eds.), *Frames Fields, and Contrasts: New Essays in Semantics and Lexical Organization*, 309-331. Routledge.
- Koike, K. (2003). Las unidades fraseológicas del español: su distribución geográfica y variantes diatópicas. *EPOS* 19, 47-65. <https://revistas.uned.es/index.php/EPOS/article/download/10402/9940>
- Lassaletta, M. C. (1971). Algunos coloquialismos en el Lenguaje de Galdós: Un estudio del Verbo «Hablar» en «Fortunata y Jacinta», *Hispania* 54(4). <https://www.jstor.org/stable/pdf/338187.pdf>
- Luque Nadal, L. (2011). La evolución de los fraseologismos. Estudio lingüístico-cultural de *La Premática que este año de 1600 se ordenó* de Francisco de Quevedo. *Alfinge* 23, 189-199. <https://www.uco.es/ucopress/ojs/index.php/alfinge/article/view/3331/3221>
- Martí Solano, R. (2013). From idiom variants to open-slot idioms: close-ended and open-ended variational paradigms. In J. Szerszunowicz, B. Nowowiejski, K.

- Yagi, & T. Kanzaki (Eds.), *Research on Phraseology across Continents. Vol. 2* (pp. 167-180). Białystok Publishing House.
- Martí Solano, R. (2016). Towards a typology of variant forms in Spanish proverbs from a diachronic perspective. In R. Soares, & O. Lauhakangas (Eds.), *Proceedings of the 9th Interdisciplinary Colloquium on Proverbs*, 488-500. International Association of Paremiology.
- Martí Solano, Ramón, 2017, L'équivalence parémiologique inter-langues et la distinction synonymie/variation intra-langue. *Aliento* 8, 257-273.
- Martí Solano, R. (2019). Eventos históricos y otros daños severos: calcos de compuestos sintagmáticos y de colocaciones en español. *e-Aesla* 5, 333-342. <https://cvc.cervantes.es/lengua/eaesla/pdf/05/32.pdf>
- Mellado Blanco, C. (2020). (No) me importa un camino y sus variantes diatópicas. Estudio de corpus desde la gramática de construcciones. *ELUA* 7, 89-111. <https://doi.org/10.14198/ELUA2020.ANEXO7.06>
- Mogorrón Huerta, P. (2005). As locuções verbais nos dicionários. *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 7, 149-176. http://www.cirp.gal/pub/docs/cfg/cfg07_08.pdf
- Mogorrón Huerta, P. (2015). La parasinonimia y la geosinonimia en las expresiones fijas. *Skopos* 6, 119-133. <https://www.uco.es/ucopress/ojs/index.php/skopos/article/view/5657/5327>
- Mogorrón Huerta, P. (2002). Expresiones fijas sinónimas: análisis contrastivo en francés y español. In M. C. Figuerola, M. Parra, & P. Solà (Eds.), *La lingüística francesa en el nuevo milenio*, 491-500. Universidad de Lérida.
- Pamies Bertrán, A. (2022). The relationship between construction and units in Spanish phraseology. *Islas* 64, 132-152. <https://islas.uclv.edu.cu/index.php/islas/article/download/1247/1024/2022>
- Penadés Martínez, I. (2012). *Gramática y semántica de las locuciones*. Servicio de Publicaciones de la Universidad de Alcalá.
- Penadés Martínez, I. (2022). La variación en las unidades fraseológicas. *Revista Nebrija de Lingüística Aplicada a la Enseñanza de Lenguas* 16(32). <https://revistas.nebrija.com/revista-linguistica/article/view/472>
- Rodríguez Fuentes, L. (2012). El reto de la digitalización de prensa: Hemeroteca Digital de la BNE. *Boletín ANABAD* 62(4), 77-91. <https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/4107643.pdf>

5.1. Fontes primarias

- Diccionario de la lengua española*, <https://dle.rae.es/> [06/03/2023].
- Diccionario fraseológico documentado del español actual: locuciones y modismos españoles*. Seco, Manuel, Olimpia Andrés y Gabino Ramon (dir.), 2004. Madrid: Aguilar.
- Gran Diccionario enciclopédico ilustrado*, 1972. Madrid, México, Caracas, Santiago de Chile, Nueva York: Selecciones del Reader's Digest.
- Hemeroteca Digital de la Biblioteca Nacional de España*, <http://hemerotecadigital.bne.es/index.vm?lang=es>. [06/03/2023]

- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CDH) [en línea]. Corpus del Diccionario histórico de la lengua española. <<http://www.rae.es>> [06/03/2023].
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CORDE) [en línea]. Corpus diacrónico del español. <<http://www.rae.es>> [06/03/2023].
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CORPES XXI) [en línea]. Corpus del español del siglo XXI. <<http://www.rae.es>> [06/03/2023].
- REAL ACADEMIA ESPAÑOLA: Banco de datos (CREA) [en línea]. Corpus de referencia del español actual. <<http://www.rae.es>> [06/03/2023].

Anexo 1

Selección de unidades fraseolóxicas do *Gran Diccionario enciclopédico ilustrado* de Selecciones del Reader's Digest (GDEI) coa súa definición.

1. *a banderas desplegadas*: manifiesta o abiertamente
2. *a las ancas de uno*: a sus expensas
3. *a mata caballo*: atropelladamente, muy de prisa
4. *a trompa y talega*: sin reflexión ni orden
5. *alzar cabeza*: salir de la pobreza; recuperar la salud
6. *andar en palmas*: ser estimado y aplaudido
7. *arrimarse a las paredes*: estar borracho
8. *cabeza de toro*: persona cabezona o necia
9. *cabeza redonda*: persona de pocos alcances
10. *coger el cielo con las manos*: enfadarse mucho por algo, manifestándolo con demostraciones externas
11. *como las propias rosas*: muy bien, perfectamente
12. *correr burro una cosa*: perderse, desaparecer
13. *creer en brujas*: ser muy crédulo
14. *dar perro a uno*: hacerle esperar mucho tiempo
15. *de 25 alfileres*: con todo el adorno y esmero posibles
16. *dejar que ruede la bola*: dejar que alguna cosa siga su curso
17. *desollar o dormir el lobo*: dormir mientras dura la borrachera
18. *echar plantas*: echar bravatas y amenazas
19. *echar uno los títeres a rodar*: romper abiertamente con una o más personas
20. *echarle el toro a uno*: increparle severamente
21. *estar en mantillas*: se dice del negocio o trabajo muy a los principios o poco adelantado
22. *enseñar la oreja*: dejar uno ver su vicio o mala intención
23. *estar de monos*: estar dos personas reñidas; dícese comúnmente de los novios
24. *estar en el alero*: se emplea para expresar inseguridad
25. *estar en la higuera*: estar en Babia
26. *fijar uno las plantas*: afirmarse en un concepto u opinión
27. *gastar mucho almacén*: 1. llevar encima muchas cosas menudas y de poca consideración. 2. gastar muchas palabras en cosas de poca importancia
28. *guardarle el aire a alguien*: atemperarse a su genio
29. *haber toros y cañas*: haber fuertes disputas
30. *haberle cortado el ombligo a alguien*: tener captada su voluntad
31. *hablar uno por boca de ganso*: decir lo que otro le ha sugerido
32. *hacer la rueda a uno*: adularlo para captar su voluntad
33. *hacerse sal y agua*: disiparse, desvanecerse una cosa
34. *hasta la pared de enfrente*: resueltamente, sin titubeos
35. *hasta las cachas*: con todo el esfuerzo, hasta más no poder
36. *hecho un brazo de mar*: ataviado con lujo
37. *hincar el pico*: morir
38. *írsele a uno las cabras*: eyacular uno involuntariamente

39. *juntársele el cielo con la tierra a uno*: verse en un trance grave
40. *llevar en palmas*: complacer a uno en todo
41. *meterse uno en su concha*: retraerse
42. *mojar la pólvora a uno*: aplacar al que estaba colérico
43. *no aguantar/sufrir pulgas*: no tolerar ofensas o vejámenes
44. *no pararse en barras*: saltar sobre toda clase de consideraciones
45. *no ser una cosa un grano de anís*: tener importancia
46. *nublársele el cielo a uno*: acongojarse mucho
47. *parecer uno abanico de tonta*: moverse mucho y sin concierto
48. *pasar la esponja*: convenir en que no se trate más de ello
49. *paseársele el alma por el cuerpo*: ser uno muy indolente
50. *pecho por tierra*: humildemente
51. *pegado a la pared*: avergonzado, confuso, sin saber qué contestar
52. *pelar el ajo*: Nic. Morirse
53. *poner de oro y azul*: reprender a uno agriamente, decirle palabras ofensivas
54. *poner el paño al púlpito*: hablar profusamente y con afectada solemnidad
55. *poner en los cuernos de la luna*: alabar a uno sin tasa
56. *poner la pluma bien o mal*: expresarse bien o mal por escrito
57. *poner sal en la mollera*: escarmentar a uno para que tenga juicio
58. *ponerse como un trompo*: comer y beber hasta hincharse
59. *ponerse moños*: atribuirse méritos, presumir
60. *quedarse uno hecho un mono*: quedarse corrido, avergonzado
61. *quitar moños a uno*: bajarle los humos
62. *remojar la palabra*: echar un trago
63. *romperle el bautismo*: descalabrar
64. *sal quiere el huevo*: 1. con que se da a entender que un negocio está muy cerca de venir a su perfección 2. se dice del que va muy ufano y desea que le alaben sus prendas
65. *sangre en el ojo*: pundonor para cumplir las obligaciones
66. *ser de monte y ribera*: servir para todo
67. *ser un gran cacao*: Ven. Ser un magnate, un personaje importante
68. *ser una peña*: ser uno insensible
69. *sobre las armas*: preparado para lo que pueda ocurrir
70. *tener buenas aldabas*: contar con la protección de personas importantes e influyentes
71. *tener cubierto el riñón*: estar rico
72. *tener la cabeza en las once o a pájaros*: 1. no tener juicio. 2. estar distraído
73. *vestirse por la cabeza*: ser mujer o sacerdote
74. *tener pecho*: tener paciencia y ánimo
75. *tener pelos en el corazón*: tener gran esfuerzo y ánimo
76. *tener riñones*: ser esforzado
77. *tirar con bala o con bala rasa*: hablar con mala intención
78. *tomar el trote*: marcharse uno intempestivamente
79. *venir del parto derecho*: suceder una cosa favorablemente
80. *ver el cielo por embudo*: tener poco conocimiento del mundo

